



# Código Cero

Diario de Novas Tecnolóxicas de Galicia

En español

Novas

Gadgets

Videoxogos

Edición impresa

Top 100

## A terceira edición dos Premios INCUVI-Emprende xa ten gañadores

 martes 11 de febreiro do 2014, por Redacción | Enviar | Compartir |  | 


No mediodía de hoxe (12 horas) tiña lugar na sala I do Edificio Miralles da Universidade de Vigo o acto de entrega dos galardóns da terceira edición dos Premios INCUVI-Emprende 2014. Emporiso, a dita institución educativa, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo, apoian con esta iniciativa a aqueles que queren comezar novos proxectos empresariais, xa dende o 2011, cando se creara o proxecto de Pre-incubadora INCUVI, que logo se estendería ao campus de

Pontevedra no ano 2012. Nesta 3ª edición os destinatarios volveron ser o alumnado e titulados da UVigo no curso 2010/11 ou posteriores, que presentaron 29 proxectos en total (individuais e de grupo).

Con esta proposta quérese promover o emprendemento universitario e o autoemprego, formando e asesorando aos futuros empresarios. Cómpre salientar que o obxectivo destes premios -que foron presididos por Salustiano Mato (reitor da Universidade de Vigo) e outros persoeros do eido, incluíndose a participación activa do secretario xeral de Universidades da Consellería de Cultura e Educación, José Alberto Díez de Castro- é achegar aos seleccionados a posibilidade de desenvolver o seu traballo nunha contorna controlada e segura; asesoramento empresarial e económico; axuda para a transferencia do coñecemento e gastos pagos por un ano de estadia na incubadora universitaria. Os proxectos seleccionados -seis no campus de Vigo e dous no de Pontevedra- poderán beneficiarse dunha estadia na incubadora de negocios da Universidade con luz, conexión a internet ou teléfono pagos.

En canto aos gañadores, no apartado de amosar o rumbo das indagacións dos investigadores, facéndoas accesibles á sociedade recoñeceuse o traballo de *Audiobeesual*. Mentres que o proxecto gañador dunha bebida tan senlleira como o café foi *Café La Parisienne*. Noutro apartado, *Innergium* recibiu o galardón por (e a través da Enxeñería enerxética avanzada) axudar a empresas, organizacións, administracións e familias a diminuír os seus custos enerxéticos.

Tamén foi premiado o proxecto froito do estudo da explotación da orientación emprendedora para mellorar os resultados de exportacións das pequenas e medianas empresas, e que se presentou a través de *Orientación para a exportación das PEME*. Asemade, *Stukers* presentaron un proxecto no que promoven e axudan á achega de aloxamento para os mozos sen que o traslado a unha nova cidade supoña un trastorno.

Por último, sinalar que a Universidade de Vigo acollerá un proxecto que nace dunha proposta orixinal e innovadora que permitirá obter de xeito simultáneo un fertilizante e semente de uva que poden encamiñarse a diversos usos, *Vermecompostaxe de bagazo de uva*. Para os viveiros do campus de Pontevedra foron



Salustiano Mato presidiu a entrega de premios



### Publicidade:



### Revista en PDF:



Des cárgaa xa


 Centro de Investigación en Tecnologías  
de la Información y las Comunicaciones


- As aplicacións móbiles da Xunta finalistas dos Premios Fundetec 2013
- A Xunta aforrará 13 millóns de euros en tres anos cun novo contrato de telecomunicacións que inclúe melloras do servizo nas áreas educativa, sociosanitaria e xudicial
- A Xunta pilotará un sistema de videovixilancia intelixente contra o

recoñecidos, por unha banda, o proxecto que divide a súa actividade entre a formación en liña no eido medioambiental coa asesoría integral a empresas para o desenvolvemento de proxectos nese mesmo eido *Formación on-line*, e por outra banda a iniciativa xurdido a partir da idea de crear unha aplicación que axude aos diabéticos a mellorar a súa calidade de vida asesorándoos no referente a exercicio, nutrición e saúde, *Mueve tu vida*.



Deborah Franco de Monet, un dos proxectos da pasada edición dos Premios, explicou a súa experiencia durante a cerimonia de hoxe



Autoridades, candidatos e gañadores da presente edición dos Premios INCUVI-Emprende



Engadir un comentario

Comentar empregando...

Complemento social Facebook

**Grupo Código Cero Comunicación, S.L.**  
Rúa Conxo de Arriba 49- 1 C  
15706 Santiago de Compostela  
Teléfono-fax:981 53 02 68  
redaccion@codigocero.com



Premio da Galeguidade ao Medio de Comunicación



Galardón á Innovación Empresarial na categoría de Comunicación



Premio EGANET á Mellor Web de Medios de Comunicación



Premio INNOVA-G pola difusión das TIC



Premio Comunicación Informática CPEIG

